

como reinventar a educación desde o coñecemento
aberto



TEMA 7

Coñecemento aberto e colaborativo no ensino

Duración do curso: 30 horas



**Coñecemento aberto e colaborativo no
ensino: tecnoloxías e SWL**

Introdución

Na sociedade do coñecemento valórase o concepto de aprendizaxe fronte ao de ensino. O novo contexto requiriría unha aprendizaxe permanente tanto por parte do profesorado como do alumnado.



O feito de aprender deixa de ser patrimonio case exclusivo do contorno formativo escolar. Deste xeito, as **escolas**, vense obrigadas a transformarse de organizacións que ensinan en **organizacións que aprenden**, escolas que aprenden desde problemas e proxectos situados na vida social e económica.

Este diálogo coa sociedade do noso tempo, coa naturalización do uso da Internet como centro de información e coa extensión da tecnoloxía, orixina **un novo paradigma** no que encaixa de xeito idóneo a **filosofía do coñecemento aberto** e do Software Libre.

Obxectivos

Neste último tema falaremos dos diferentes paradigmas que se están a empregar na educación e como se están a empregar en diferentes ámbitos.

Trataremos de ofrecer unha visión global das novas tendencias e como están a afectar na ensinanza. O cambio grazas ao coñecemento aberto xa é unha realidade.



Escolas que aprenden



Hoxe, apréndese con outras e de outras persoas, apréndese de grupos de grande diversidade en idade, sexo, experiencia e cultura. Aprendemos en contextos tanto reais como virtuais. En definitiva, **a escola** ten que ser unha **comunidade práctica** atenta aos actuais **cambios**.


Vémonos nun contexto no que os centros de ensino poden aprender de xeito aberto e relacionado con novos contextos e escenarios sociais, ou pola contra converteranse en institucións anquilosadas cun diálogo que se rompe coa sociedade de

referencia.


Aprender ensinando

A educación, tal e como existe a día de hoxe, está inmersa en dinámicas de cambios sociais nas que o desenvolvemento dun ensino útil e actualizado depende das capacidades de **xerar, distribuír e usar coñecementos**.

Como docentes aprenderemos de xeito flexible, continuo e colaborativo. O feito de aprender, e non o de ensinar, convértese en foco e eixo fundamental do desenvolvemento das organizacións, dos grupos e das persoas.



Formar nun contexto de transformacións tecnolóxicas



Se a época actual está marcada por algo en particular é pola transformación tecnolóxica. A educación de hoxe esixe **formar ao alumnado en e para a vida**.

Formar ás persoas máis novas de cara a este novo contexto de transformacións tecnolóxicas e económicas é un reto que calquera ensinante atopa na actualidade nas súas aulas. E antes de pasar a ensinar teremos que acostumarnos ao concepto de **aprender constantemente** nós como

docentes.

Aprender, nós, como docentes deste xeito e transmitilo na actividade do día día vai facer que a idea de **aprendizaxe ao longo da vida** se instale na práctica educativa dos nosos centros.

A **tecnoloxía** pasará entón a ser unha **ferramenta** en vez dun atranco e a súa utilización unha **oportunidade** tanto para os docentes como para o alumnado.

Preparándonos para un novo contexto

Todo o que levamos argumentado neste tema encaixa co modelo da sociedade do coñecemento, da xestión do coñecemento e do coñecemento aberto en sentido amplo.


Se estamos nun momento de reinventármolos, no que toda a comunidade educativa ten que aprender **novos xeitos de comunicación, novas ferramentas e novas habilidades**, debemos aproveitalo para **ensinar aprendendo e aprender ensinando**.

Esa capacidade de **enfrentarse a novas ferramentas e a novos contextos** debe outorgarnos as claves dun **novo modelo de aprendizaxe**. Un novo modelo de aprendizaxe no que estamos a construír o coñecemento, no que inventamos novas formas e xeitos de aprender.

Logo abrirse ao coñecemento e Software Libre pode manternos en contacto cunha **fonte de innovación e posibilidades** que inspirarán o nosa labor docente, facendo que nós non deixemos de aprender.



O cambio de paradigma e a educación



A actual etapa de **mudanza e crise** está a condicionar as nosas sociedade. Moitas persoas xa non teñen o mesmo traballo ao longo da súa vida, moitas profesións estanse aínda inventando e non sabemos que outras cousas máis nos depara o futuro.

Un dos **acontecementos máis relevantes** neste gran cambio que acadou éxito e consolidación foi **o nacemento do Software Libre**.

O Software libre naceu e consolidouse como coñecemento colaborativo, foi e é alternativo ás grandes corporacións en diferentes ámbitos e desenvolvementos puntuais. Por exemplo, hai uns anos case ninguén pensaría que o sistema operativo de telefonía máis utilizado no mundo ía ser de Software Libre.

Ligazón externa: *Android es el sistema operativo móvil más usado en el mundo.*

O paradigma do coñecemento e do Software Libre é un **espello no que mirámonos** desde a educación para adaptarnos e aproveitar as oportunidades e a forza dos cambios que operen no mundo tecnolóxico e no educativo de xeito global.

